

Libreiros, editores e escritores , a prol do 'Libro aberto' de TVG

DIFUSIÓN ► Nun comunicado conxunto consideran que a supresión do espazo invisibiliza a literatura galega ► Lamentan as “medidas involucionistas” do Goberno respecto do galego

REDACCIÓN • SANTIAGO

A anunciada suspensión do programa *Libro aberto* dirixido por Luis Rei na Televisión de Galicia –e que nos últimos anos viña dando cumprida conta da actualidade literaria galega– ergueu onte voces de preocupación por parte dos editores, escritores e libreiros galegos. Nun comunicado conxunto –remitido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editores (AGE) e a Federación de

Libreiros de Galicia– os tres colectivos amosaban onte a súa “fonda preocupación pola decisión tomada pola nova directiva da CRTVG segundo a cal fica suprimido o Servizo de Cultura, creado en 2005. A inmediata suspensión do único programa da televisión pública galega centrado na divulgación e coñecemento da literatura do noso país échenos de incerteza, así como a consecuente falta de visibilización dos escritores e

escritoras en lingua galega e das novidades da produción editorial que poden ser atopadas nas librerías galegas”. Escritores, editores e libreiros inscriben a decisión de suprimir *Libro aberto* na “celeridade e contundencia do actual goberno galego en executar as medidas máis involucionistas posibles respecto do noso idioma”.

O comunicado invoca as obrigas contraídas por lei pola CRTVG de promover e difun-

dir a lingua e a cultura galega.

Da súa banda, e en resposta ao comunicado, a dirección da Galega anunciou onte “un intenso esforzo nos programas de contido educativo e cultural cara á vindeira temporada de outono”. O novo equipo directivo, sinalase nunha nota de prensa, “traballa xa na mellora da oferta cultural na TVG do seguinte período, co obxectivo de levar os programas relacionados co mundo dos libros, a música, a lingua, a arte, etc., fóra de horarios que puidesen ser considerados residuais como a madrugada e emitilos por tanto en momentos máis centrais do día”. Engade que “a televisión pública galega está en negociacións cunha persoa de recoñecido prestixio no mundo das letras galegas como condutor dun dos programas cos que se quere contribuir a darlles ese pulo aos contidos culturais”.

Cultura 18 jun. 2009